



PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA 3 DE ABRIL DO 2020

HORARIO	ACTIVIDADE
09:00	Aséome e preparo o meu almorzo
10:00	Manualidade: Creamos coas pinzas da roupa?
11:00	Aséome e preparo a miña merenda
12:00	Xogo libre/xogo só
13:00	Experimento-observación Unha lentella: xermolará ou non?
14:00	Aséome, axudo a preparar a comida e a pór a mesa

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS SON FLEXIBLES E VOLUNTARIAS

Manualidades con pinzas

Propoñemos unhas manualidades faciliñas e que poden quedar moi simpáticas. O material principal son as pinzas de madeira, de tamaño normal ou máis pequenas. Presentamos varias actividades aínda que a vosa imaxinación queda libre.

Do que se trata


É que todos os nenos , que son unha fonte de CREATIVIDADE , realicen figuras, personaxes, elementos do noso contorno.....

Que os máis pequenos traballen os movementos das mans e ollos.....Así van adquirindo habilidades na súa psicomotricidade fina , fundamental para comezar a escribir.

E sobre todo, pasar xuntos un momento estupendo, dando liberdade á imaxinación, empregando materiais que xa temos na casa.

Propostas:

-Que vos parecen estes **avións** feitos con pinzas de madeira? Podemos facerlles as ás con goma eva, cartolina, cartóns, paus de xeado



-Pedídlle aos vosos fillos que fagan **uns debuxos de animais**, sen patas, incorporámolos máis tarde coas pinzas. Fácil, verdade?



Do mesmo modo, pódese facer **estes simpáticos peixiños**, debemos debuxar a silueta dun peixe (do mesmo longo ca pinza) sobre cartolina, cortala á metade e pegar na pinza.



Estas son unhas poucas propostas, a vosa imaxinación está chea de moitas outras que nos podedes amosar!!!!



“UNHA LENTECLA: XERMOLARÁ OU NON?”

Coa chegada da primavera aproveitaremos e plantaremos unha semente. Faremos un experimento para comprobar cales son as condicións necesarias para que poda xermolar unha LENTECLA.

MATERIAIS:

- 4 tarros, vasos de cristal ou plástico.
- Algodón.
- Auga.
- Lentellas.



PROCEDEMENTO:

Para facer o experimento colleremos os tarros ou vasos e introducimos un **trociño de algodón** en cada un. Seguidamente introducimos **lentellas** nos catro tarros.

Agora chega o interesante!!!

A continuación, imos establecer **diferentes condicións (AUGA, TEMPERATURA E OSÍXENO)** en cada tarro-vaso para comprobar se as lentellas xerminan ou non:

No **1º tarro** botaremos ademáis do *algodón* e as *lentellas*, tamén botaremos *auga* no algodón e deixaremos o tarro aberto.

No **2º tarro**, botaremos *algodón* e *lentellas* pero **NON auga**.

No **3º tarro**, botaremos *algodón*, *lentellas* e *auga* pero tapamos o tarro. **Sen AIRE**.

No **4º tarro**, botaremos *algodón*, *lentellas* e *auga* pero deixamos o tarro gardado ou tapado. É dicir, **sen LUZ**.





Agora faremos **uns letreiros** nos que apuntaremos cales son as condición de cada tarro. Podedes marcalo da seguinte maneira:

SEN AUGA: riscamos unha gota de auga.

SEN LUZ: riscamos un debuxo do sol.

SEN OSÍXENO: riscamos un debuxo do vento.

Esperaremos **dous ou tres días** e poderemos comprobar en cal dos tarros comezan a xermolar as lentellas.

Que pasou? Xerminaron as lentellas nos catro tarros? Cantos días pasaron? Cales son as condicións para que podan xerminar as lentellas?

ACTIVIDADES:

Os nenos en nenas de **INFANTIL** podedes facer un debuxo das vosas lentellas e se coñecedes as partes da planta, xenial!!

E os nenos e nenas de **PRIMARIA** podedes escribir o proceso de xerminación da vosa propia lentella e así recordar as partes dunha planta xunto con debuxos ou fotos que poidades facer.

Ata pronto!

